Acta da reunión de Comisión Delegada da Federación Galega de Tenis celebrada o 20 de outubro de 2019 ás 12.30 horas en segunda convocatoria na instalacións do Círculo Cultural Deportivo de Sanxenxo, á que asisten os seguinte membros:

Presidente: José Mosquera Casero
Secretario: Ignacio López López
Club de Tenis Pontevedra: D. Enrique Domínguez Lino
Representante de Árbitros: D. José Manuel Fariñas Cid

**Acta de sesión:**

É aberta polo presidente, que saúda aos asistentes e agradece ao Círculo Cultural Deportivo de Sanxenxo a cesión das súas instalacións para a celebración desta reunión.

Os membros desta Comisión recibiron previamente os informes dos distintos puntos da Orde do Día, que foron os seguintes:

1. **Aprobación do acta da reunión anterior**

A acta é aprobada por unanimidade polos membros participantes nesta reunión.

2. **Estado das contas federativas.**

Faise referencia aos documento enviados aos membros desta Comisión e apróbanse por unanimidade de acordo co seguinte estado do Balance a 30/09/2019:

| A C T I V O | | 2019 | 2018 |
|---|---|---|---|
| **A) ACTIVO NON CORRENTE** | | **1.361,69 €** | **1.993,83 €** |
| I. Inmovilizado intanxible | | 93,35 € | 93,35 € |
| 203 | PROPIEDADE INDUSTRIAL | 1.369,97 € | 1.369,97 € |
| 206 | APLICACIONS INFORMÁTICAS | 20.060,00 € | 20.060,00 € |
| 280 | AMORT. ACUM. INMOV. INTANXIBLE | -21.336,62 € | -21.336,62 € |
| II. Inmovilizado material | | 1.268,34 € | 1.900,48 € |
| 216 | MOBILIARIO | 2.239,79 € | 2.239,79 € |
| 217 | EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFO | 7.561,35 € | 7.561,35 € |
| 218 | ELEMENTOS DE TRANSPORTE | 30.618,90 € | 30.618,90 € |
| 219 | OTRO INMOVILIZADO MATERIAL | 944,00 € | 944,00 € |
| 281 | AMORTIZACIÓN ACUMULADA DO IN | -40.095,70 € | -39.463,56 € |
| **B) ACTIVO CORRENTE** | | **87.468,71 €** | **41.546,29 €** |
| II. Existencias | | 13.899,25 € | 15.390,00 € |
| 300 | MERCADURÍAS A | 13.899,25 € | 15.390,00 |
| III. Deudores comerciais e outras contas a cob. | | 10.315,00 € | 5.540,61 |
| 1. Clientes ventas e prestación de servicios | | 9.480,57 € | 5.540,61 |
| b) Cltes.ventas e prestación servicios CP | | 9.480,57 € | 5.540,61 |
| 430 | CLIENTES | 10.822,32 € | 5.540,61 |
| 433 | CLIENTES, EMPRESAS DO GRUPO | -1.341,75 € | |
| 436 | CLIENTES DE DUDOSO COBRO | 14.075,25 € | 12.528,42 |
| 490 | DETERIORO DE VALOR DE CRÉDITO | -14.075,25 € | -12.528,42 |
| 3. Outros deudores | | 834,43 € | |
| 460 | ANTICIPOS DE REMUNERACIONS | -14,88 € | |
| 471 | ORGANISMOS DA SEGURIDADE SO | 849,31 € | |
| V. Inversions financeiras a corto prazo | | 843,31 € | |
| 551 | CONTA CORRENTE CON SOCIOS E | 843,31 € | |
| VII. Efectivo e outros activos líquidos equival. | | 62.411,15 € | 20.615,68 € |
| 570 | CAIXA, EUROS | 727,02 € | 340,87 € |
| 572 | BANCOS E INSTITUCIONS DE CRÉ | 61.684,13 € | 20.274,81 € |
| | | | |
| | **TOTAL ACTIVO** | 88.830,40 € | 43.540,12 € |

| | 2019 | 2018 |
|---|---|---|
| **A) PATRIMONIO NETO** | **44.278,95 €** | **493,66 €** |
| A-1) Fondos propios | 44.278,95 € | 493,66 € |
| I. Capital | 37.222,36 € | 37.222,36 € |
| 1. Capital escriturado | 37.222,36 € | 37.222,36 € |
| 101 FONDO SOCIAL | 37.222,36 € | 37.222,36 € |
| III. Reservas | -7.839,44 € | -7.843,67 € |
| 2. Outras Reservas | -7.839,44 € | -7.843,67 € |
| 113 RESERVAS VOLUNTARIAS | -7.839,44 € | -7.843,67 € |
| V. Resultados de exercicios anteriores | -83.704,60 € | -71.681,52 € |
| 120 REMANENTE | 19.181,85 € | 19.181,85 € |
| 121 RESULTADOS NEGATIVOS DE EXERC | -102.886,45 € | -90.863,37 € |
| VII. Resultado del ejercicio | 98.600,63 € | 42.796,49 € |
| **C) PASIVO CORRIENTE** | **44.551,45 €** | **43.046,46 €** |
| III. Deudas a corto prazo | -1.309,74 € | 7.083,44 € |
| 1. Deudas con entidades de crédito | -2.329,64 € | 1.501,19 € |
| 520 DEUDAS A CORTO PRAZO CON ENTI | -2.329,64 € | 1.501,19 € |
| 3. Outras deudas a corto prazo | 1.019,90 € | 5.582,25 € |
| 521 DEUDAS A CORTO PRAZO | 5.958,31 € | 5.711,12 € |
| 555 PARTIDAS PENDENTES DE APLICA | -4.938,41 € | -128,87 € |
| V. Acreedores comerc. e outras contas a pagar | 45.861,19 € | 27.763,02 € |
| 1. Proveedores | 27.960,12 € | 10.316,38 € |
| b) Proveedores a corto prazo | 27.960,12 € | 10.316,38 € |
| 400 PROVEEDORES | 27.960,12 € | 10.316,38 € |
| 2. Outros acreedores | 17.901,07 € | 17.446,64 € |
| 410 ACREEDORES POR PRESTACIONES D | 1.500,76 € | 2.717,23 € |
| 438 ANTICIPOS DE CLIENTES | 449,55 € | 449,55 € |
| 465 REMUNERACIONS PENDIENTES DE | -646,76 € | -14,96 € |
| 475 FACIENDA PÚBLICA, ACREEDORA P | 6.872,32 € | 7.198,23 € |
| 476 ORGANISMOS DA SEGURIDADE SO | 9.725,20 € | 7.096,59 € |
| VI. Periodificaciones a corto prazo | | 8.200,00 € |
| 485 INGRESOS ANTICIPADOS | | 8.200,00 € |
| **T O T A L PATRIMONIO NETO E PASIVO** | 88.830,40 € | 43.540,12 € |

### 3. Plan orzamentario de axuste.

A pedimento da Secretaria Xeral para O Deporte da Xunta de Galicia, a federación ten que emitir un plan de axuste do orzamento. Realízase e presenta cos resultados a esta data, con especificación das deviaciones mais relevantes que se produciron ata o momento e sobre as que a Xunta Directiva e en concreto a tesourería e dirección deportiva Terán que levar un maior control.

| SEGUIMENTO SEMESTRAL | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **REALIZADO A 30 DE XUÑO DE 2019** | **RESULTADO ANUAL EXTRAPOLADO (a) 2** | | **COMPROMETIDO NO PLAN DE VIABILIDADE (b)** | | **IMPORTE DESVIACIÓNS (a-b)** | | **EXPLICACIÓN DA DESVIACIÓN 3** |
| **RESULTADO** | 160.157,08 € | 17.543,88 € | | 14.021,05 € | | 3.522,83 € | | |
| **Ingresos** | **401.913,41 €** | 502.263,00 € | | 500.740,00 € | | 1.523,00 € | | |
| Subvención SXPD | 105.807,00 € | 105.807,00 € | | 105.807,00 € | | - € | | |
| Subvencións outras Administracións | - € | | | | | - € | | |
| Recursos propios | 296.106,41 € | 396.456,00 € | | 394.933,00 € | | 1.523,00 € | | Mellora en aportacións de Institucións e mellora na xestión do calendario dos campionatos galegos e circuito xuvenil coa organización directa da FGT |
| **Gastos** | **-241.756,33 €** | **-** | **484.719,12 €** | **-** | **486.718,95 €** | **1.999,83 €** | | |
| Persoal | -146.249,51 € | - | 292.319,99 € | - | 277.986,95 € | - | 14.333,04 € | Vai directamente relacionado coa subida de recursos propios no que se refire a ETSamil, que asume os gastos dos técnicos por maior actividade, e tamén por ter unha administrativa de baixa de longa duración, cuio posto foi coberto por outra traballadora. |
| Servizos Profesionais | -6.071,76 € | - | 8.361,21 € | - | 30.000,00 € | 21.638,79 € | | Axustase a disvinculación das escolas municipais de Lugo coa Federación |
| Axudas | -61.319,76 € | - | 123.514,20 € | - | 115.435,00 € | - | 8.079,20 € | A Federación asume nesta partida os gastos de organización do calendario dos campionatos galegos e circuito xuvenil |
| Desprazamentos | | | | | | - € | | |
| Subvencións | | | | | | - € | | |
| Outros | -28.115,30 € | - | 60.523,72 € | - | 63.297,00 € | 2.773,28 € | | |

**4. Propostas para 2020 con alcance orzamentario**

Apróbanse por unanimidade as seguintes propostas:

a) Incorporación ao calendario de competición do 2020 de dúas probas ITF Feminino de $15000, a celebrarse na segunda quincena de agosto, unha en Vigo e outra en Ourense.

b) Plan de mellora coa Secretaria Xeral para Ou Deporte referida á achega de axudas aos internacionais en Galicia (excepto ITF Senior), que pasarán de 2000€ a 3000€.

c) Plan de axudas aos clubs organizadores de torneos abertos con premios en metálico que igualen vos premios nos cadros masculinos e femininos por valor de 8000€.

d) Posible adquisión de vehículo federativo (9 prazas) con cargo á subvención de axudas para a adquisición de equipamentos deportivos.

**5. Propostas para a competición deportiva.**

Preséntase a esta Comisión Delegada e posteriormente farase #ante a Asemblea Xeral o cambio de sistema de xogo na competición por equipos dos xogadores xuvenís, é dicir, benjamín, alevín, infantil, cadete e junior. Proponse xogar 2 sets e un supertiebreak en lugar de 3 sets.

**6. Licenza e outras tarifas para 2020.**

Preséntanse para o seu estudo as tarifas de aplicación no ano 2020. En próxima reunión de Xunta Directiva aprobaranse definitivamente e comunicaranse tamén á Comisión Delegada e á Asemblea Xeral, que se celebrará en decembro para a súa aprobación.

**7. Informe do Presidente**

O Presidente lembra a importancia da celebración dos torneos WTA na próxima tempada 2020/2021, e que será unha forma mais de apoiar o tenis feminino, xa que en Galicia estamos a ter xogadoras con moi boa proxección internacional, como Celia Cerviño, Jessica Bouzas, Uxía Martínez ou Carla do Barrio. Informa que propuxo á súa Xunta Directiva a realización dun estudo do tenis feminino en Galicia, as súas necesidades específicas por zonas, o seu número, novas competicións.

**8. Rogos e preguntas.**
Solicita a palabra D. Enrique Domínguez, Presidente do Club de Tenis Pontevedra e comunica que o Club de Tenis Pontevedra posiblemente tamén estaría interesado en celebrar nas instalacións do club o torneo internacional wta do que se falou anteriormente. Comprométese a realizar estudo do financiamento e presentar unha proposta en firme.

E non habendo mais rogos e preguntas dáse por pechada a sesión, sendo as 14:00 horas do 20 de outubro de 2019 da que levanto a presente acta, co Vº Bº do Presidente.

O Presidente

José Mosquera Casero

Ignacio López López
Secretario